



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 3 de decembro de 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 3 de decembro de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 26/11/2018, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/5377

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 3 de decembro de 2018. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 3 de decembro de 2018, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:

PROVEDOR CUMPRE	CIF	PROPOSTA A DATA	XGL	
		APROBAR	LÍMITES	
ALMACENES CELSO MIGUEZ, S.A.	A36005718	1.748,98 €	03/12/2018	Sí
ALVEGAL, S.L.	B36450336	16.819,00 €	03/12/2018	Sí
ASOC. CUL. CORTEGADA	G36168854	225,00 €	03/12/2018	Sí
ASOC. CUL. N. S. XUNQUEIRA	G36160430	268,00 €	03/12/2018	Sí
AUTOMOCION LA JUNQUERA, S.L.	B36181899	1.937,18 €	03/12/2018	Sí
BAUTEC AROUSA, S.L.	B94048006	11.253,00 €	03/12/2018	Sí
CAPELO GARCIA, ANTONIO	06568549W	12.196,80 €	03/12/2018	Sí
CASTROMAN I, S.L.	B36406650	433,01 €	03/12/2018	Sí
CLECE, S.A.	A80364243	994,60 €	03/12/2018	Sí
DIEGUEZ, S.L.	B36118222	6.534,00 €	03/12/2018	Sí



DISCOTRADE SPAIN, S.L.	B70431911	2.289,93 €	03/12/2018	SÍ
DRAGER SAFETY HISPANIA, S.A.	A83140012	1.994,08 €	03/12/2018	SÍ
ENX. E ARQ. CONSULT. IDOM, S.A	A15545437	17.908,00 €	03/12/2018	SÍ
GALBAN ZARAGOZA, CARLOS	35449729J	1.400,19 €	03/12/2018	SÍ
GOMEZ SUAREZ, LUIS ANGEL	35464020K	1.500,00 €	03/12/2018	SÍ
GRUPORESA, S.L.	B94122850	11.488,71 €	03/12/2018	SÍ
MADERAS J. REDONDO, S.L.	B36158897	1.264,91 €	03/12/2018	SÍ
MEDIOAMBIENTE CAAMAÑO		16.500,00 €	03/12/2018	SÍ
MULTISERVICIOS FERNANDEZ SOTELO, S.L.	B36244150	10.436,25 €	03/12/2018	SÍ
OCAÑA NOVOA, ROBERTO	35417119V	1.597,20 €	03/12/2018	SÍ
SKETCH SYSTEM, S.L.	B15535271	1.451,79 €	03/12/2018	SÍ
SOC. EST. CORREOS TELEG., SA	A83052407	1.500,00 €	03/12/2018	SÍ
SULZER PUMPS WASTEWATER SPAIN, S.A.	A28388023	4.488,40 €	03/12/2018	SÍ
TRITURADOS DO SAIAR, S.L.	B36435170	4.356,00 €	03/12/2018	SÍ
UNION FENOSA DISTRIBUCION, S.A	A82153834	13.053,67 €	03/12/2018	SÍ
VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	A80907397	1.049,07 €	03/12/2018	SÍ

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/5161

Vista a proposta do Encargado do Servizo de Vías Públicas, no que propón a compra do vehículo matrícula 6982-HZX ao rematar o contrato de renting, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **ALVEGAL SL** para o subministro de vehículo marca NISSAN, modelo NV 400 2.3 DCI CONFORT L2H2 COMBI 9, equipado con baca e gancho (revisado, rotulado e transferido) e cunha garantía de 12 meses, por un importe total de 16.819,00 € (VE incluído), con cargo á partida 453.62400.

Acórdase así mesmo dar conta ao Servizo de Responsabilidade Patrimonial, para que procedan a tramitar a póliza de seguro correspondente.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5264

Vista a proposta da Xefatura da Policía Local en relación coa necesidade de reparación de etilómetro de precisión de sobremesa alcohótest 7110, dado que na actualidade están traballando cun etilómetro cedido pola DGT, debendo proceder á devolución do mesmo antes do 30 de xaneiro de 2018, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **DRAGER SAFETY HISPANIA SA**, para a reparación do etilómetro municipal (alcohótest 7110) por un importe total de 1.994,08 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5265

Vista a proposta do Encargado de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Antonio Capelo García**, para asesoramento técnico de xestión enerxética, revisión de facturación mensual e uso, soporte de software de xestión enerxética para o ano 2019, incluíndo auditorías enerxéticas en dependencias municipais, por un importe de 12.196,8 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.22706.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5266

Vista a proposta do Encargado de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Excavaciones, Transportes y Construcciones Dieguez SL** para o subministro de calderería do Bombeo de Preguntoiro (tubos de impulsión, pedestais, válvulas de retención, colector), por un importe total de 6.534,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5267

Vista a proposta do Encargado de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Sulzer Pumps Wastewater Spain SA** para subministro de bomba para a súa reposición no bombeo de Vilaxoán, por un importe total de 4.488,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.218.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5268

Dáse conta da existencia dun erro no acordo de Xunta de Goberno Local de data 1 de outubro de 2018 de aprobación de orzamento de **Unión Fenosa Distribución SA** para dereitos de acometida para a Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa por un importe de 1.082,34 € (IVE incluído).

Dado que as citadas obras se van a levar a cabo no exercicio 2019, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a **Unión Fenosa Distribución SA** os dereitos de acometida para a Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa por un importe de 1.197,76 € (IVE incluído), con cargo á partida 4312.213, quedando aprobada a corrección de erro citada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5269

Dáse conta dos escritos remitidos pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, en relación coas solicitudes presentadas polos seguintes titulares de establecementos, nos que solicitan ampliación de horario de peche para as noites de Noiteboa, Fin de Ano e Reis.

Dáse conta do informe emitido pola Responsable das Licenzas de Actividades.

Dáse conta de que a Orde da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia establece no Artigo 5º.- "Competencia para horarios especiais. 5.1 Os delegados provinciais poderán autorizar ampliacións dunha hora sobre os horarios límite de peche establecidos nos artigos 1º e 2º, nos seguintes supostos:

a) *Festas locais, patronais, do Nadal e verbenas populares.*



....)

c) *Cando o requira a duración do espectáculo.*

A Xunta de Goberno Local, fai constar que non existe inconveniente por parte do Concello para o incremento do horario solicitado, e polo tanto **informa favorablemente a ampliación de horario de peche solicitado, con motivo da celebración das citadas festividades,** sendo da seguinte maneira:

Nº DE EXPTE XUNTA	LOCAL	Nº EXPTE. CONCELLO	TITULAR	TIPO DE ACTIVIDADE AFORO LOCAL	DE LUNS A MERCORES Límite horario Art. 1 e tendo conta ampliación 1 hora Orde 16/06/2005	DE XOVES A DOMINGO, FESTIVOS E VISPERA DE FESTIVOS Límite horario Art. 2 e tendo conta ampliación 1 hora Orde 16/06/2005	HORARIO ESPECIAL SOLICITADO A XUNTA
HE-22/18	BIANCO	18/18-AMP.HOR ESP.	MARTIN VAZQUEZ BLANCO	2.6.9.CAFE CONCERTO 274 persoas	Pasa de 05:00 hs. a 06:00 hs.	Pasa de 05:30 hs.a 06:30 hs.	ATA AS 8:00 HS.
HE-23/18	DIURNO	19/18-AMP.HOR ESP.	MARTIN VAZQUEZ BLANCO	2.7.2. CAFÉ-BAR 54 persoas	Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs.	Pasa de 03:00 hs.a 04:00 hs.	ATA AS 7:00 HS.
HE-24/18	DOLCE VITA	20/18-AMP.HOR ESP.	JESUS LINDNER SANTOS	2.6.4. PUB 65 persoas	Pasa de 04:00 hs. a 05:00 hs.	Pasa de 04:30 hs.a 05:30 hs.	ATA AS 8:00 HS.
HE-25/18	LA BOLSA	21/18-AMP.HOR ESP.	AYM CB	2.7.2. CAFÉ-BAR 24 persoas	Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs.	Pasa de 03:00 hs.a 04:00 hs.	ATA AS 7:00 HS.

PRP2018/5270

Dáse conta do escrito remitido pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, en relación coa solicitude presentadas por **Proyectos Intermel SL**, titular do establecemento GINTONIC, situado en Rúa Méndez Núñez nº 21-Baixo, no que solicita a ampliación de horario de peche para as noites de Noiteboa, Fin de Ano e Reis ata as 7:00 horas.

Dáse conta do informe emitido pola Responsable das Licenzas de Actividades.

Dáse conta de que a Orde da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia establece no Artigo 5º.- "Competencia para horarios especiais. 5.1 Os delegados provinciais poderán autorizar ampliacións dunha hora sobre os horarios límite de peche establecidos nos artigos 1º e 2º, nos seguintes supostos:

a) *Festas locais, patronais, do Nadal e verbenas populares.*

....)

c) *Cando o requira a duración do espectáculo.*

A Xunta de Goberno Local, fai constar que non existe inconveniente por parte do Concello para o incremento do horario solicitado, e polo tanto **informa favorablemente a ampliación de horario de peche solicitado, con motivo da celebración das citadas festividades.**



Nº DE EXPTE XUNTA	LOCAL	Nº EXPTE. CONCELLO	TITULAR	TIPO DE ACTIVIDADE AFORO LOCAL	DE LUNS A MERCORES Límite horario Art. 1 e tendo conta ampliación 1 hora Orde 16/06/2005	DE XOVES A DOMINGO, FESTIVOS VISPERA DE FESTIVOS Límite horario Art. 2 e tendo conta ampliación 1 hora Orde 16/06/2005	HORARIO ESPECIAL SOLICITADO A XUNTA
HE-27/18	GINTONIC	22/18- AMP.HOR ESP.	PROYECTOS INTERMEL SL	2.7.2. BAR 24 persoas	Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs.	Pasa de 03:00 hs.a 04:00 hs.	ATA AS 7:00 HS.

PRP2018/5271

Dáse conta do escrito de **Dona Alba Mery García Forero**, titular do establecemento “COFFEE BAR”, situado na Rúa Julio Camba 2-Baixo, solicitando autorización para a instalación dunha “DUENDENETA” na Rúa Julio Camba, esquina Rúa Camilo José Cela, con motivo da celebración do primeiro aniversario da apertura do citado establecemento, o día 14 de decembro de 2018, en horario de 12:30 a 02:00 horas.

Dáse conta do informe da Policía Local, no que se indica:

1º De cara ao tráfico informase de xeito desfavorable. Pretende colocarse na beirarrúa na intersección das Rúas Julio Camba con Camilo José Cela.

2º Deberá obedecer o disposto na ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma. Polo horario pode causar queixas e molestias entre os veciños.

....)

Visto así mesmo o informe da Responsable das Licenzas de Actividades, a Xunta de Goberno Local acorda non conceder a autorización solicitada.

PRP2018/5272

Vista a proposta do Axudante Encargado do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Bautec Arousa SL** para a reparación de filtracións de auga no tellado da Escola Unitaria de Castroagudín, coa colocación de chapas de fibrocemento e tella cerámica, por un importe total de 6.292,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212, que inclúe estadas, material e man de obra.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5274

Dáse conta do escrito presentado por D. pablo Chaves Montenegro, responsable da biblioteca do **IES Bouza Brey**, e en representación do citado Centro, solicitando autorización para instalar un posto de intercambio de libros na Rúa A Baldosa, esquina Rúa Alcalde Rey Daviña, o día 15 de decembro de 2018, en horario de 11:00 a 14:00 horas, así como a colaboración municipal coa cesión de unha carpa e mesas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.



- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000 €.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/5275

Dáse conta do escrito presentado por Dona Andrea Castro Vázquez, en representación de **Alcohólicos Rehabilitados Arousa - AREVA VILAGARCÍA**, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa na Praza de Galicia o día 1 de decembro de 2018, en horario de 10:00 a 14:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000 €.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/5276

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Vodafone España SAU** para o subministro de doce terminais para distintos Departamentos do concello, por un importe de 1.049,07 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.62300.

- Samsung Galaxy Tab A 10.1 32 GB: 1 ud.
- Samsung Galaxy X-Cover 4: 1 ud.
- Samsung J5 2017: 1 ud.
- Alcatel 2003 Blue: 5 ud.
- Nokia 3310: 2 ud.
- Mobiwiri Dakota: 2 ud.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5277

Dáse conta do escrito presentado por **Dona M^a José Santos Conde**, solicitando o cambio de situación da zona de carga e descarga actualmente situada fronte ao establecemento **NAUTILUS** na Rúa Camilo José Cela nº 6.



Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a Xunta de Goberno Local de data 6 de agosto de 2018 adoptou acordo denegando o cambio de situación solicitado por resultar prexudicial para o interese xeral, obrigando a un maior percorrido dos vehículos de transporte de mercadorías e ademais restaría seis prazas de estacionamento en batería, en lugar das tres que se restan agora.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da Policía Local acorda non acceder ao solicitado, reiterando o citado acordo de 6 de agosto de 2018.

PRP2018/5278

Dáse conta do escrito presentado por **Dona María Mercedes Lourdes Duran Peteira**, solicitando autorización para celebrar un mercado solidario a favor de Cáritas en Carril, na Praza da Liberdade, o día 16 de decembro de 2018, de 10:00 a 14:00 horas, así como a colaboración municipal coa cesión de dúas carpas, dúas mesas e catro cadeiras.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000 €.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/5279

Vista a proposta do Axudante Encargado do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Multiservicios Fernández Sotelo SL** para o subministro de material reciclado e transporte para preparación de terreos para aparcamentos disuasorios en Avda. Rodrigo de Mendoza e Rúa San José, por un importe total de 10.436,25 € (IVE incluído), con cargo á partida 133.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5280

Vista a proposta do Axudante Encargado do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Triturados do Saia SL** para o subministro de material e transporte para preparación de terreos para aparcamentos disuasorios en O Piñeiriño, por un importe total de 4.356,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 133.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



PRP2018/5281

Vista a proposta do Axudante Encargado do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Automoción La Junquera SL** para a reparación do vehículo matrícula 5479GJC, adscrito ao citado Servizo, por un importe total de 787,29 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5282

Vista a proposta do Axudante Encargado do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Almacenes Celso Míguez SA** para o subministro de material para reparar a Escola Unitaria de Castrogudín (pintar chan, teitos e paredes no vestiario e duchas), por un importe total de 1.748,98 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5283

Dáse conta do informe da Policía Local en relación con queixas recibidas con motivo da parada do bus escolar á altura do nº 19 da Avda. de Rubiáns, en sentido de circulación Rubiáns – Vilagarcía, por non estar sinalizada o que provoca que en ocasións estea o estacionamento ocupado e os/as nenos/as teñen que baixar do mesmo en medio do carril de circulación e propoñendo a sinalización horizontal e vertical da parada.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- Solicitar do Ministerio de Fomento (Unidade de Estradas do Estado en Pontevedra) autorización para realizar a sinalización indicada.
- Solicitar á Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade) que facilite ao Concello a relación de paradas de bus escolar autorizadas, co fin de poder inspeccionalas e sinalalas correctamente, no caso de que fose necesario.

PRP2018/5284

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Carmen González Camarero**, en representación de **Camarero y Cubo Ocio SL** solicitando autorización para colocación de pancartas publicitarias en farois, como organizador do evento “Fexturrón 2018”.

Visto o informe da Policía Local acordase que se poña en contacto cos Servizos Municipais (D. Mario Vázquez) co fin de que se lle indique a maneira de instalar a publicidade do evento, que de ser posible, realizárase en outro formato diferente á colocación de pancartas publicitarias en farois.

PRP2018/5286

Vista a proposta do Director da Área de Comunicación Social e con motivo da celebración no recinto de Fexdega dunha serie de actividades de animación do Nadal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **DISCOTRADE SPAIN SL** para a realización e instalación de: unha lona de 25 m. de longo por 5 de alto no exterior do recinto feiral, e 6 bandeiras na Avda. Rodrigo de Mendoza, xunto coas do Concello (xa existentes), por un importe total de 2.289,93 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22602.



- Lona de 25 x 5 m: 1.890,63 € (IVE incluído)
- Bandeiras de 4 x 1 m: 399,30 € (IVE incluído)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5287

Vista a proposta da Área de Comunicación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Digipress-Sketch System**, para subministro de material para as impresoras da Área de Comunicación (papel, polipropileno, vinilo, lonas...), por un importe total de 1.451,79 € (IVE e portes incluídos), con cargo á partida 926.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5288

Vista a proposta do Director da Área de Comunicación social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a Campaña Publicitaria de Nadal 2018, para edicións especiais nas que se fai repaso do acontecido durante o ano, por un importe estimado de 9.000 € para anuncios de prensa, radio, televisión e medios dixitais, con cargo á partida 926.22602.

PRP2018/5289

Dáse conta de resolución do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, de 8 de novembro de 2018 que desestima o recurso de reposición interposto pola CMVMC de Guillán en relación ao expediente de clasificación dos montes denominados "Garabulla e outros", ratificando integramente a resolución de non clasificación de data 8 de marzo de 2016, por non concorrer os requisitos fixados na Lei de Montes 13/1989.

A Xunta de Goberno local queda sabedora.

PRP2018/5341

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Automoción La Junquera SL** para reparación do vehículo matrícula PO-1813-AU adscrito ao citado Servizo, por un importe total de 1.149,89 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5342

Dáse conta de informe do Encargado do Servizo Municipal de obras, no que se indica que na Xunta de Goberno Local do día 26 de febreiro de 2018 aprobouse un orzamento de **Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa SA**, por importe de 7.470,54 € (IVE incluído) para o subministro de aglomerado quente en emulsión para o asfaltado e bacheo de diversas obras no rural.

Debido a que do citado orzamento se utilizou o material necesario ata o mes de xullo, as contas quedan do seguinte xeito:



Aprobado ORZAMENTO X.G.L. 26*02*2018 (IVE incluído) 7.470,54 €
Facturado en bacheo por Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa SA: 5.177,83 €
Despois de descontar a facturación da Empresa **Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa SA** queda un saldo de 2.292,71 € que no van a ser utilizados no que queda de ano e solicita o reintegro da cantidade sobranse á partida orzamentaria correspondente.
A Xunta de Goberno Local acorda o reintegro da cantidade sobranse, por importe de 2.292,71 € á partida orzamentaria 454.210.

PRP2018/5392

Vista a proposta do director da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a publicación de dous pósters na edición impresa de La Voz de Galicia en datas a determinar antes do 31 de decembro de 2018, aprobando o orzamento presentado por **La Voz de Galicia SA**, por un importe total de 4.840,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2018/5303

Dáse conta da sinatura do Convenio de Colaboración coa entidade "**Solidariedade Galega co Pobo Saharai**", para a concesión dunha subvención, por importe de 1.500,00 €, con cargo á partida 231.489, para o proxecto "Emerxencia alimentaria nos campamentos de refuxiados saharauis".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Emprego

PRP2018/5304

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a convocatoria e bases do "I Concurso de decoración do Nadal do Comercio e Hostalería", co fin de colaborar coa dinamización e visibilidade do comercio e a hostalería local e que ao mesmo tempo supón unha proposta artística e cultural, cun orzamento total para premios de 1.785,00 €, con cargo á partida 4311.48100 do orzamento de 2019, coa seguinte desagregación:

- Premio á fachada mellor engalanada Comercio retailista: 595,00 €
- Premio á fachada mellor engalanada hostalería: 595,00 €
- Premio fachada posto mellor engalanado Prazas de Abastos: 595,00 €

PRP2018/5305

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **CLECE SA** para o Servizo de limpeza das instalacións



do obradoiro de Emprego Labora Xove 2018, por un importe de 248,65 €/mes (IVE incluído), con cargo ao módulo B, partida 2412.22700 (Proxecto 3 nº 01/26/18).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5306

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "Forme 18", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Maderas J Redondo SL** para o subministro de madeira para a obra a realizar pola especialidade de Carpintería do Obradoiro de Emprego, por un importe total de 1905,50 € (IVE incluído), con cargo á aportación municipal, partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5307

Dáse conta do acordo da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en relación coa resolución administrativa do 24/08/2017 de concesión de axuda por importe de 279.959,00 € para a realización do proxecto O.E. FORME 17, que se incrementou con posterioridade por resolución de data 13 de xullo de 2018 nun importe de 4.104,53 € para facer fronte ao incremento do SMI, que modifica a resolución de data 24/08/2017 e deixa sen efecto a de data 13/07/2018, polo que se reduce a contía a 263.048,39 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2018/5308

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música para aprobar do gasto da reposición de diverso material instrumental e compra de material novo para o correcto desenvolvemento do curso académico 2018/2019, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos:

- Carlos Galbán Zaragoza por importe de 512,47€, correspondente á reposición de diverso instrumental con cargo á partida 3262-213.
- Castroman I por importe de 433,01€, correspondente á reposición de equipos de son con cargo á partida 3262-213.
- Carlos Galbán Zaragoza por importe de 887,72€, correspondente á compra de material novo, con cargo á partida 3262-62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5309

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música para aprobar o gasto da compra de cortinas opacas para a sala de concertos da Escola Municipal de Música, a Xunta de



Goberno Local acorda aprobar o orzamento de **Roberto Ocaña Novoa(Decoración Xiabre)**, por importe total de 1.597,20€ (IVE incluído), con cargo á partida 3262.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5311

Vista a proposta da Concellería de Educación, en relación coas axudas solicitadas polas ANPAS dentro do Plan Madruga, a Xunta de Goberno Local acorda:

A aprobación do gasto e o recoñecemento de obriga a favor das seguintes entidades e polos importes que se indican, con cargo á partida 320.48003, para o período setembro a decembro (2º prazo), previa xustificación do gasto realizado:

ANPA AREALONGA	340,00 €
ANPA VAGALUME	340,00 €
ANPA DR. FLEMING	340,00 €
ANPA A LOMBA	340,00 €
ANPA O PIÑEIRIÑO	340,00 €
ANPA ROSALÍA DE CASTRO	340,00 €
TOTAL	2.040,00 €

PRP2018/5312

Vista a proposta da Concellería de Educación, en relación coa xustificación do primeiro prazo as axudas concedidas ás ANPAS dentro do Plan Madruga, a Xunta de Goberno Local acorda:

O recoñecemento de obriga a favor das seguintes entidades e polos importes que se indican, con cargo á partida 320.48003, para o período xaneiro-xuño, de conformidade coa documentación xustificativa aportada:

ANPA AREALONGA	503,00 €
ANPA VAGALUME	503,00 €
ANPA DR. FLEMING	503,00 €
ANPA A LOMBA	503,00 €
ANPA DE RUBIANS	503,00 €
ANPA O PIÑEIRIÑO	470,00 €
ANPA ROSALÍA DE CASTRO	503,00 €
TOTAL	3.488,00 €

Dado que non aportaron acreditación de estar ao corrente coa Axencia Tributaria, con Facenda da Xunta de Galicia e coa Seguridade Social, deberán presentar na xustificación do segundo prazo os xustificantes de non ter débeda coas citadas Administracións.

PRP2018/5313

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases do "I Concurso de tarxetas prefranqueadas – Vilagarcía polo miúdo-", no que se seleccionarán tres debuxos realizados por alumnado de Educación Infantil de centros educativos de Vilagarcía de Arousa para que sexan portada de tres modelos de tarxetas postais prefranqueadas.

Acórdase así mesmo aprobar o gasto en concepto de 1.500 tarxetas postais prefranqueadas, tarifa A, a favor de **Sociedad Estatal Correos y Telégrafos SA**, por un importe total de 1.500,00 e (IVE incluído), con cargo á partida 320.22199.



PRP2018/5337

Vista a proposta do Director da Escola municipal de Música, e debido á necesidade de substitución das cadeiras da sala de concertos polo seu deterioro, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Madres J. Redondo SL** para o subministro de doce cadeiras encartables para os ensaios das agrupacións instrumentais, por un importe total de 359.41 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Medio Ambiente

PRP2018/5315

Dáse conta da acta de inspección ambiental realizada polos inspectores adscritos ao servizo de Calidade e Avaliación Ambiental de Pontevedra, ao Punto Limpo Pinar do Rei do Concello de Vilagarcía o día 31 de outubro de 2018, onde se reflicten determinados aspectos que deben ser corrixidos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/5316

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Medioambiente Caamaño** para a separación de entullos depositados no punto limpo e trituración de residuos de construción para a súa posterior utilización e aproveitamento como subbase, por un importe total de 16.500,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 170-22700.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5317

Dáse conta do seguinte informe da técnica-auxiliar de medio ambiente.

Na XGL de data de 3 de setembro de 2018 acordouse a concesión dunha axuda á Comisión de Montes en Mano Común de la Parroquia de Bamio por un importe de 8.000 euros. Na XGL de 10 de setembro de 2018 acordouse a concesión dunha axuda á Comunidade de Montes en man común de Loenzo de Arriba y Loenzo de Abajo por un importe de 8.000 euros. Na XGL de 17 de setembro deste ano acordouse a concesión dunha axuda á Comunidade de Montes Veciñal Fontecamoa por un importe de 6.828,50 euros. Na XGL de data de cinco de novembro deste ano acordouse a concesión dunha axuda á Mancomunidade de montes Veciñais en man común de Vilagarcía de Arousa por un importe de 58.500 euros repartido entre as seis Comunidades de Montes que forman parte desa Mancomunidade.

Na disposición adicional primeira das Bases Reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuación preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa de 2018 establécese que “as accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 170-489 do estado de gastos do orzamento municipal para o ano 2018, cun importe total de 84.999,99 euros”.

O total das axudas concedidas pola XGL ata o día da data supón unha cantidade de 81.328,50 euros, polo que na partida orzamentaria existe neste momento un remanente de 3.671,49 euros.



De acordo co establecido na base 1.4.2 relativo á existencia de excedente na partida orzamentaria e posto que o proxecto presentado tanto pola Mancomunidade de CMVMC como pola Comunidade de montes de Fontecarmoa, subvencionáronse na súa contía total solicitada, considérase que é pertinente que, de acordo coa base mencionada, o Concelleiro de Servizos e Relacións Veciñais poda elevar á XGL proposta na que se acorde o reparto do excedente existente na partida orzamentaria entre a Comisión de Montes en mano común de la parroquia de Bamio e a Comunidade de Montes en man común de Loenzo de Arriba e Loenzo de abaixo, xa que as solicitudes de concesión de axudas para proxectos de actuacións preventivas destinadas á prevención e defensa de incendios forestais presentados no seu día por ambas Comunidades ascenden a 13.300 e 12.610 euros respectivamente.

Por todo isto a proposta de reparto do excedente existente na partida orzamentaria debería facerse da seguinte maneira:

- **COMISIÓN DE MONTES EN MANO COMÚN DE LA PARROQUIA DE BAMIO**, con NIF: V-36116168: 1.835,74 euros.

- **COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DE LOENZO DE ARRIBA E LOENZO DE ABAIXO**, con NIF V-36136430: 1.835,74 euros.

Tendo en conta o informe da técnica-auxiliar transcrito, a Xunta de Goberno Local acorda: concesión das seguintes axudas:

IMPORTE: 1.835,74 euros.

BENEFICIARIO: COMISIÓN DE MONTES EN MANO COMÚN DE LA PARROQUIA DE BAMIO IMPORTE: 1.835,74 euros.

BENEFICIARIO: COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DE LOENZO DE ARRIBA E LOENZO DE ABAIXO.

PRP2018/5319

Dáse conta do escrito de Augas de Galicia en relación cun vertido de augas residuais ao domino público hidráulico no Parque da Coca, realizada unha inspección o día 25-10-2018, constatando a produción dun vertido de augas residuais en condicións inadecuadas ao río do Con procedente das instalacións municipais de sanemaento ubicadas nese lugar. Concedendo ao Concello o prazo dun mes para acreditar a adopción de medidas axeitadas para o cese ou corrección dos vertidos denunciados.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar a Augas de Galicia que se reparou a existencia do vertido, pois cambiouse a tubaría e desviouse esa conexión.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2018/5320

Vista a proposta da Concellería Delegada da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e orzamento do *XIII Premio para a igualdade de xénero na Escola: Boas Prácticas na Escola*", cun orzamento total de 1.500,00 € para premios (tres premios de 500,00 € cada un), con cargo á partida 2312.48100.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2018/5325

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente á actuación da Coral Cortegada da Asociación Cultural Cortegada, o día 1 de decembro no Salón García, por un importe de 225,00 € (IVE exento), con cargo á partida 334.22609, con motivo da organización do Concerto do XXV Aniversario da citada Coral.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5326

Vista a solicitude de Dona Gema Pizarro **e/n Centro de Danza Gema Pizarro**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de actos do Auditorio municipal, o día 22-12-2018, para a celebración da Gala de danza en Nadal, cun prezo de entrada de zona A: 4,00€, Zona B: 3,00€, Zona C: 2,00€ sendo a recadación para a entidade solicitante. Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado(754 butacas)

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día= 264,70 €
- Responsable de sala, 8 horas: 10,20x8= 81,60€.
- Servizo Conserxe, 8 horas: 10,20x8= 81,60€

TOTAL: 427,90€.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2018/5327

Vista a solicitude de LUIS ROVIRA YAGÜEZ E/N **TRASEDUCA ACCIÓN EDUCATIVA**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de actos do Auditorio municipal, o día 27-11-2018, para a celebración da obra “El monstruo de colores”.Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado(754 butacas)

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día= 264,70 €
- Responsable de sala, 8 horas: 10,20x8= 81,60€.
- Servizo Conserxe, 8 horas: 10,20x8= 81,60€

TOTAL: 427,90€.



Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2018/5328

Vista a solicitude de **D. Xosé Antón Antelo Lema**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 7 de decembro, durante todo o día, con motivo da representación do espectáculo de Circo de Navidad, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

A presente autorización concédese condicionada ao seguinte:

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Será a cargo do solicitante o gasto bancario ou de correos correspondente ao ingreso de recadación de venda de entradas en taquilla.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Persoal de taquilla (2 persoas: 4h x 2 = 8 horas x 10,20 €/hora : 81,60 €
- Responsable de sala: 8 horas x 10,20 €/hora: 81,60 €
- 2 Operarios (para control de entradas): 1 hora x 2 operarios = 2 horas x 10,20 €/hora: 20,40 €

TOTAL: 448,30 €

Dar conta ao Departamento de Rendas

. O prezo das entradas será de 14 €, máis gastos de xestión, para as zonas A e B e 12 € (máis gastos de xestión para a zona C, e a recadación da súa venda para o solicitante.

PRP2018/5329

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente á actuación do Grupo de Gaitas e Baile da Asociación cultural A Nosa Señora da Xunqueira, o día 29 de decembro para a realización dun pasacalles na Praza de Abastos e arredores, por un importe de 268,00 € (IVE exento), con cargo á partida 334.22609, con motivo das Festas de Nadal.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/5330

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a **D. Luis Angel Gómez Suárez**, por un importe total de 1.815,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640 o seguinte contrato, de conformidade co orzamento presentado:

Levantamento topográfico (planimetría e altimetría) de 120 ml. Do paseo marítimo da Praia Compostela, medición de farois e mobiliario urbano.



Levantamento topográfico (planimetría e altimetría) de Rúa Valle Inclán, no entorno da praia de Canelas – Vilaxoán.

PRP2018/5331

Dáse conta da proposta de modificación do Proxecto de Renovación Urbana do Entorno de matosinhos “1ª Fase”, redactado polo Director de Obra, D. Iago Fernández Puentes (Arquitecto) e conformado pola Empresa construtora.

Dáse conta de informe da Secretaria Xeral en relación coas modificacións propostas na obra citada, no que se indica:

1) O contrato de obras denominado “Renovación urbana do entorno de Matosinhos 1ª fase” foi adxudicada pola Xunta de Goberno Local deste concello en data 13 de agosto de 2018, á empresa Excavaciones y Transportes Ivanca, S.L. (B36528883), por un importe de 219.685,56€ (IVE engadido) e que incluía as seguintes melloras:

- 8 unidades de proxector empotrado suelo 12W
- 14 luminarias led 5400 lm 2700°
- 14 luminarias led 7860 lm 2700°
- 28 brazo soporte de luminaria a fachada L=1500 mm
- 10 liquidambar styraciflua worplesdon 16-20 cm CE

2) Preséntase neste momento “Proxecto modificado renovación urbana do entorno de Matosinhos. Primeira fase”, por importe de 241.042,73 €, o que supón un incremento de 21.357,17€, e unha variación ao alza do 9,721695%

3) A Dirección facultativa fai constar que as modificacións propostas están motivadas por causas técnicas imprevistas no momento da redacción do proxecto primitivo e atópanse xustificadas nos seguintes motivos:

“Una vez comenzadas las obra, durante los trabajos de excavación de la parcela objeto de las obras se comprueba la existencia de un forjado estructural, de unos 4 m de luz y directriz longitudinal, de hormigón armado soterrado a sólo unos 20 cm por debajo de la rasante previa en la placita triangular anexa a la guardería y a la parte trasera del edificio nº 37 de la Avda. Dr. Tourón. Realizadas las correspondientes catas se puede afirmar que este forjado se corresponde con el cierre superior de una gran canalización fluvial soterrada de 1 a 1,5 m de altura, cuyas paredes están realizadas con piedra de escollera de gran dimensión colocada en talud con una pendiente de unos 45°. La trayectoria de esta gran infraestructura parte de debajo del edificio de la guardería municipal y se dirige hacia la esquina trasera del edificio nº 35 de Avda. Dr. Tourón configurando una curva bastante cerrada en este punto final afectando también a la esquina del edificio nº 37 y entrando, a escasa profundidad, bajo el edificio nº 35. A partir de este punto se estima que continúa el trazado en curva bajo el edificio saliendo aproximadamente bajo su portal de acceso ya en la Avda. Dr. Tourón y cruza la carretera hacia las torres de la Cámara de Comercio.

A consecuencia de este percance, debido a la situación y cota de esta canalización, resulta imposible realizar la entrada rodada de vehículos hacia los garajes ubicados en la plaza triangular a través del callejón situado entre los edificios nº 35 y 37 de Avda. Dr. Tourón. Este callejón debía disminuir su cota para dar acceso al garaje del nº 37 y posteriormente recuperarla para continuar hacia el interior de la zona urbanizada y dar acceso al resto de los garajes pero en este recorrido se encuentra irremediablemente con el trazado del río canalizado. Se deberá, por tanto, permitir el acceso a los garajes interiores únicamente por la zona del paso de peatones de nueva creación en la Avda. Dr. Tourón.

Debido a la propia configuración del propio forjado sobre el río y al estado del mismo se decide que no reúne las características para su empleo como solución portante con sobrecargas de uso público sobre el mismo optando por demolerlo y dejar un tramo abierto de río (que permita su observación y limpieza), en aquellos tramos que coincida con zona verde, y sustituirlo o reforzarlo en aquellas zonas que queden bajo los senderos de proyecto.”

Como consecuencia de ellos se contemplan en el modificado las siguientes obras

“Demolición del forjado de viguetas pretensadas de hormigón armado, bovedillas cerámicas o de hormigón, y capa de compresión de hormigón, realizado por medios manuales y/o mecánicos con martillo cuidando de no proyectar residuos sobre el cauce existente; incluyendo limpieza y retirada de



escombros, transporte a vertedero y con p.p. de medios auxiliares, y medidas de protección colectivas. Conforme a NTD ADD-11, para lo cual se elaboran precios contradictorios para:

- 01.09M demolición formado vigueta hormigón-Bovedilla C/Martillo
- 02.07M forjado placa alveolar c=20+0cm Lmax 7m Q=850 Kg/m²
